

## Programa: A cooperativa alternativa de emprego para a mocidade galega Curso de teleformación: Desenvolvendo a idea cooperativa

[ En colaboración coa Rede Eusumo ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Do 23 de maio ao 9 de xuño de 2023	<b>DURACIÓN</b>	20 horas
<b>HORARIO</b>	Haberá 2 sesións virtuais en horario de mañá		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	A través de <a href="http://www.aulaespazocoop.com">www.aulaespazocoop.com</a>		
<b>PERSONA DE CONTACTO</b>	Patane García Méndez	<b>TELÉFONO</b>	697877773
		<b>E-MAIL</b>	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRTE [PREME AQUÍ](#)

### OBXECTIVOS

- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

### PROGRAMA E CONTIDOS

#### Desenvolvendo a idea cooperativa

- Módulo 1.- Identifica o teu proxecto cooperativo.  
Módulo 2.- Analiza as áreas comercial e de mercado.  
Módulo 3.- Estuda a viabilidade económica e financeira.  
Módulo 4.- Planifica a área organizativa e os trámites de constitución.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

Na modalidade de teleformación, o tempo de estudo ten diferentes obxectivos: hai unhas horas que son as sesións virtuais de aprendizaxe, outras horas que serán as que o alumnado utilice para ler os contidos que estarán ao seu dispor na plataforma: estudar materiais, revisar webgrafía, visionar os vídeos, un tempo para a participación nos foros, tutoría coa docente e, finalmente, un tempo para a avaliación, e dicir realizar e enviar as tarefas que se piden no curso, enviárllelas á titora e revisar a súa retroalimentación.

Haberá **dúas sesións virtuais de aprendizaxe** co obxectivo de poder complementar os contidos teóricos do curso coa realización de actividades prácticas e dinámicas.

### DIRIXIDO A

Ás persoas mozas, tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Darase prioridade a aquelas que se atopen en situación de risco de exclusión.

Mínimo 10 persoas e máximo 20. O número de persoas mínimo que deben asistir ao curso será de 10, e polo menos o 70% do alumnado terá unha dedicación mínima do 80% nas actividades do curso.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2023 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.